

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2011**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local en funcións, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 4 de outubro de 2011.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a inadmisión a trámite da revisión da licenza urbanística número 189/01, aprobada pola Comisión de Goberno en sesión celebrada o día 31 de xaneiro de 2001, pola que se concede a licenza de obras, para a legalización dunha vivenda unifamiliar non vinculada a explotación agrícola en San Salvador de Muxa.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Pena da Mula+Pena+Rego do Espiño, parroquia de Santiago de Piúgos, Polígono 103, parcela 33; para rehabilitación de edificio de vivenda de carácter tradicional, sen cambio de uso, e cunha ampliación de volume menor do 10% do existente, na rúa da Chanca, número 6; para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar illada, en construción tradicional, sita en Cima de Vila - Piúgos, Polígono 111, parcela 299; para legalización de ampliación e modificación da explotación agropecuaria existente con licenza, número 873/07, sita en Fixós-Santa Marta de Fixós e para estacionamento de vehículos ao aire libre, para 862 prazas, en Santiago de Castelo.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 30 de xullo de 2011 e o 29 de xullo de 2012 para a actualización do contrato administrativo, correspondente ao servizo de atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais da Casa das Linguas, sitas na estrada da Granxa e na Piringalla.

Tamén se acorda a revisión de prezos para o período comprendido entre o 17 de setembro de 2011 e o 16 de marzo de 2012 para a actualización do contrato administrativo asinado coa empresa, encargada da xestión do servizo público de axuda no fogar.

Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto número 561/2011 do Libro de resolucións en materia de Contratación e Patrimonio na contratación dun plan de control de pombas na cidade de Lugo.

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local número 10/595, do 31 de agosto de 2011 na contratación do servizo de información turística do concello de Lugo.

### **ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE**

**3. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a estimación do recurso de reposición interposto no contrato de alugamento asinado co Concello de Lugo da vivenda sita na Serra Gañidoira, 67, 1º de Lugo.

Lugo, 13 de outubro de 2011  
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez